

## PROPÓSITO

Amado, respectado, adorado, ningún outro personaxe alcanzou a relevancia, a transcendencia excepcional de Xesús de Nazaret. Pero quen foi realmente? A súa figura aparece esluída nunha penumbra de misterio e de incerteza, quizais provocada á mantenta para perpetuar un prestixio que podería verse merado se descubrísemos a verdade.

Somos conscientes da súa importancia, de que mudou para sempre e fendeu en dúas (antes de / despois de) a historia da Humanidade, pero pouco sabemos da súa persoa (identidade, carácter, formación, familia, pensamento, programa...) e das condicións nas que desenvolveu a súa vida e o seu maxisterio.

O noso propósito é achegarnos a Xesús de Nazaret con datos obxectivos e, na medida do posíbel, documentados, arrombando escurantismos e falsidades. Afastarse da razón, do xuízo cabal, consagraría como veraces o dogma, a superstición ou a lenda. A Revelación –subliña Andrés Torres Queiruga<sup>1</sup>– non é unha pauta que teñamos que aceptar, queiramos ou non, con independencia da xustiza e do tino dos argumentos. A Biblia é o resultado complexo de varias fontes que responden a un tempo e a un saber concretos; errado sería interpretar cuestións técnicas ou científicas ao pé da letra (Galileo<sup>2</sup> foi condenado por dicir que a Terra xira arredor do Sol).

“A fe sen crítica histórica, debe ser cualificada de inxenua. A inxenuidade non é mala pero en materia de fe é perigosa. Unha fe inxenua pode non centrarse no verdadeiro Xesús e carrexar, coa mellor intención, falsas consecuencias teóricas e prácticas. (...) A fe, hoxe como onte, terá que ser intelixente e responsábel”, di H. Küng<sup>3</sup>.

O Deus hebreo revélase a un pequeno pobo, Israel, e ignora a todos os demais, que tamén o buscaban na espiritualidade animista ou en deuses menores encargados de atender necesidades inmediatas. Demasiado “humano”, non escapa a desexos, sentimentos e miserias. Indiferente á morte, non dirá até a chegada de Cristo que existe unha vida eterna á que están chamados os que mediante o arrepentimento e as boas obras a merezan. Ben ao

contrario, o vello Deus de Israel proclama a vinganza e o terror sobre os inimigos:

“Cando te achegues a unha cidade para combater contra ela, proporáslle a paz. Se che responde con paz e che abre as súas portas, renderache tributo e servirate. Pero se non quere a paz contigo, se che fai a guerra, cercarala. Cando o Señor Deus cha entregue, matarás a fío de espada a todos os varóns. Mulleres, nenos, animais e todo o que atopos poderás tomalo para ti e comer do botín dos teus inimigos. Farás isto en todas as cidades que estean lonxe, pero nas de aquí non deixarás con vida a ningún. Destruíralas por completo como o eterno Deus che manda: heteos, amorreos, cananeos, ferezeos, heveos e xesuveos. Desa maneira non imitarás as abominacións que practican e non pecarás contra o Señor teu Deus”, lemos no Deuteronomio<sup>4</sup>.

Dirásenos que se trata dunha simple exhortación, que estamos ante un anacronismo propio doutra época e doutra mentalidade, que heveos, cananeos, ferezeos..., son hoxe pobos desaparecidos. Pero non hai dúbida do carácter cruel e xenófobo da proclama. O Deus anterior a Cristo arrebatase en episodios de furia (“enviarei o meu terror”...), acéndese de ira, desencadea unha peste sobre o pobo indefenso e castiga a culpa dos pais sobre os fillos, antes mesmo de naceren (a teoloxía actual explica estes desmandos argumentando que son “falsas proxeccións” de Deus, que responden a un momento no que a Revelación estaba aínda sen definir, en camiño. Pero entón teremos que concluír que os textos sagrados non son nidios, acabados, e que se van “facendo” con novas interpretacións e con achegas dos propios teólogos. Daquela, a Biblia, é palabra de Deus ou non?)

Certamente, o Deus/Pai bo e misericordioso que presenta Xesús resulta moito máis atractivo có Deus xusticeiro do Antigo Testamento. Pero deixemos a un lado a fe, cuestión particular sobre a que non caben especulacións (vale porque si).

A nosa idea é aproximarnos a Xesús de Nazaret situándoo no seu espazo e no seu tempo. Para comprender mellor o seu significado emprenderemos unha viaxe que nos levará ao escenario do drama, ao corazón dun enigma. O percorrido polos lugares polos que andou e predicou non terá vocación exhaustiva nin sistemática, non analizaremos cada detalle, cada

incidencia. Deterémonos só nos sucesos importantes e naqueles outros que sendo pouco coñecidos ou aparentando triviais resulten reveladores.

“A influencia de Xesús, aínda que parcial, é universal. A toda hora, en calquera dos continentes, nun idioma ou noutro, hai xente lendo e meditando sobre o que Xesús dixo e fixo... Nin Platón, nin Aristóteles, nin Sócrates, ninguén acadou esa forza, ese prestixio, esa autoridade”, di Argimiro Ruano<sup>5</sup>.

O feito de que neste volume se conxuguen o pasado histórico e o presente actual e que se recollan experiencias procedentes de diversas viaxes, momentos e lugares, pode cuestionar a oportunidade ou a situación dos distintos capítulos pero non a vontade que nos guía: a procura do personaxe “real” despoñado de enredos e fantasías; o home antes do mito.

Somos conscientes do enorme desafío que significa definir, nos seus trazos esenciais, unha figura tan difícil de aprehender e case imposible de cualificar: Xesús non é un sacerdote, nin un filósofo, nin un político... É distinto: “A tipoloxía usual non serve; provocador en todos os sentidos, rompe cos esquemas. Non pode confundirse con Moisés, nin con Buda, Confucio nin Mahoma. Ten anchuras e profundidades que os outros non teñen”, afirma E. Schweizer<sup>6</sup>.

Como era física, emocional, intelectualmente? Que pensaba? Que pretendía? Quen foi Xesús?

### *DOGMA E LIBERDADE*

Durante moito tempo, a figura de Xesús de Nazaret foi considerada desde criterios exclusivamente relixiosos. A teoloxía das épocas patrística e medieval permaneceu allea á súa verdadeira historia, ao operar nun contexto cultural carente desa preocupación e dos medios necesarios para facer unha análise crítica.

Porén, a partir do século XVIII tratouse de entender o personaxe desde postulados histórico-científicos. O racionalismo cuestionou a fiabilidade das fontes oficiais e iniciou a busca do Xesús “home” a través de estudos esexéticos e lingüísticos, axudándose da arqueoloxía, a historiografía e outras disciplinas<sup>7</sup>.

A Igrexa amosouse incómoda desde o principio ante eses estudos, e continúa a ver con receo que autores non especia-

lizados fagan lecturas e interpretacións dos textos bíblicos que poidan desviarse da liña e do maxisterio establecidos.

Ao igual que sucede con outros personaxes da antigüidade, carecemos de probas concluíntes que permitan verificar a existencia real de Xesús de Nazaret. A miúdo explícase esa carencia argumentando que non acadou no seu tempo unha importancia suficiente para deixar restos arqueolóxicos. Tampouco dispoñemos de ningún testemuño escrito directo; o documento máis antigo referido ao Nazareno, o “papiro P52”, recolle un fragmento do evanxeo de Xoán e está datado<sup>8</sup> na primeira metade do século II, isto é, máis de cen anos despois da desaparición física do Mestre.

Desde o punto de vista cronolóxico, os primeiros escritos cristiáns son as cartas de Paulo de Tarso<sup>9</sup>, en concreto a primeira epístola aos tesalonicenses, redactada uns vinte anos despois da morte de Xesús. Neste estado de cousas, os Evanxeos constitúen a principal fonte de información.

Un dos principais problemas é a quebra existente entre a fase oral e a fase escrita dos testemuños, o que provoca múltiples dúbidas: Xesús fala e predica nunha lingua, pero a transcripción faise noutra, de maneira que non se pode distinguir o “orixinal” do suprimido, manipulado ou engadido. E ao descoñecermos cal é a primeira versión, tampouco podemos determinar cal, das varias existentes, resulta máis fiábel.

O renacemento das linguas clásicas no século XVI restoulle prestixio ao Novo Testamento en latín, imposto polo Vaticano como única lingua bíblica autorizada; a reforma de Erasmo prima e antepón a versión grega. Logo, as guerras de relixión, as liortas entre protestantes e católicos e as disputas entre as diversas faccións multiplicaron interpretacións e lecturas opostas, algo que antes, cunha poboación na súa maioría analfabeta e cos escritos só ao alcance duns poucos, non sucedía.


Poderemos hoxe, despois de dous mil anos e dunha inxente cantidade de libros, tratados, estudos, opinións e contraopinións, atravesar o denso pano de opacidade que envolve a figura de Xesús de Nazaret e enxergar a verdade?

Cómpre non confundir ciencia e fe. O respecto ás crenzas non impide tratar aspectos que sendo de xorne relixioso forman

parte tamén da cultura universal. O contrario levaría á manipulación de ideas e consciencias aproveitándose da nosa candidez e credulidade. Acoller os dogmas relixiosos a ollos pechos significaría renunciar á capacidade primordial que nos define como seres humanos: o raciocinio, a intelixencia.

Desde esta consideración, resulta lexítimo pescudar na realidade de Xesús de Nazaret e nas circunstancias sociais e políticas que o rodearon. Negada nalgún momento<sup>10</sup>, na actualidade a inmensa maioría dos expertos acepta a existencia histórica de Xesús; cousa distinta é a relevancia que tivo antes de converterse en mito, en Deus.

# PALESTINA NA ÉPOCA DE XESÚS



## ANOITECE CEDO

A pouco de aterrar, ao saírmos do aeroporto de Tel-Aviv, contra as cinco, cinco e media da tarde<sup>1</sup>, botouse a noite. Por entre as sombras, a cada paso máis densas, foron aparecendo luces espalladas que se estendían ao lonxe, a ambas marxes da estrada. Entre esas luces dispersas, ignotas, destacaban unhas máis altas, de cor verde. Adiviñándonos o pensamento, Abdel Saidal, o noso guía e condutor, comentounos que pertencían aos minaretes das mesquitas árabes. En cada cidade, en cada pobo, a mesquita é o edificio máis alto e emblemático.

A proliferación de mesquitas en territorio israelí é a primeira sorpresa que me reserva este país apaixonante, contradictorio e violento: a pluralidade de credos e culturas. Non vale simplificar, xudeus e palestinos. A cuestión é máis complexa; hai árabes-israelís; palestinos (islámicos e cristiáns); xudeus (ortodoxos e ultra ortodoxos); cristiáns de varia gama (gregos, chipriotas, cop-tos –exipcios e etíopes–, armenios, drusos e católicos<sup>2</sup>). Todo un rebumbio de ideas, crenzas e actitudes, moitas veces enfrontadas, nun espazo pequeno (como media Galicia) e moi poboado: sete millóns de habitantes.

Distintas razas, diferentes credos, linguas e concepcións coinciden pero non conviven. Exemplo fidedigno é a igrexa do Santo Sepulcro, en Xerusalén: sen saírmos dos seus muros, o Calvario está controlado pola igrexa ortodoxa rusa; a uns metros, o Sepulcro, pola ortodoxa grega, aínda que un anaco da tumba cae do lado dos coptos exipcios. O lugar onde se atopou a Veracruz está en mans católicas pero as escaleiras de acceso pertencen aos armenios. O asunto complicase ao permaneceren algúns elementos sen atribuír despois de varios séculos, degoirados por uns e por outros. A disputa entre monxes por varrer -como exercicio posesorio- algunha parcela discutida ten rematado coa intervención da policía.

De seguida me decato da tensión, da desconfianza, do medo; a guerra latente percíbese en cada aceno e desaconsella a viaxe que agora emprendo coa intención de achegarme a un personaxe fascinante, Xesús de Nazaret, e a uns pobos, xudeu e palestino, de longa, intensa e convulsa traxectoria. Maltratados polas

potencias mundiais, reproducen no seu seo o odio, a tensión, a xenreira acumulada.

Con todo, esta é a terra na que viviu e predicou Xesús. A un lado as crenzas e as ideas de cada quen, non deixa de conmover a pegada nominal dos lugares bíblicos, a emoción non exenta de certa perplexidade ao ler os indicadores das estradas, en inglés e hebreo: Cafarnaúm, Caná, Nazaret, Tiberías..., que tantas veces escoitamos nos oficios relixiosos. Pouco importa a súa mensaxe integradora e solidaria. Na realidade histórica, este foi un territorio disputado por romanos, gregos, exipcios, austrohúngaros, ingleses...

Polo ano 1000, os Cruzados emprenderon a conquista dos Santos Lugares cometendo crimes e falcatrudas. No século pasado, en 1947, logo dun proceso de descolonización anómalo, os israelís constituíron un Estado imposto pola forza e a limpeza étnica. Ignorarían despois, unha tras outra, as resolucións da ONU en favor da concordia e dos dereitos palestinos, actuando a miúdo con inusitada crueldade.

Pola súa banda, os palestinos responderon con violencia extrema, inmolando incluso as súas vidas con tal de causar o maior dano ao inimigo. O conflito permanece asañado, nunca se acadou unha verdadeira paz neste lugar fulcral no que naceron as tres principais relixións monoteístas: xudaísmo, cristianismo e islamismo. As tres, ao igual que palestinos e israelís, reclaman Xerusalén como capital.

Unha serie de pezas de artillería e tanques estragados, reliquias da Guerra dos Seis Días, permanecen nun altiño, dramático testemuño. Orgullosos fitos patrióticos para uns, do horror para outros. No entanto, unha parella de militares, case rapazolos, obríganos a deter o auto. Portan ameazantes metralletas e achéganse cara a nós; requírennos a documentación, revísana, fannos unas cantas preguntas e déixannos seguir.

—Este é un dos lugares máis “quentes” do mundo; se algunha vez estoura a Terceira Guerra Mundial, non teño dúbida de que será aquí, na explanada das Mesquitas —comenta Abdel.

## *VIOLENCIA*

No outono do 2014, a violencia non respectou nin os templos. Á primeira hora da mañá do martes 18 de novembro, dous cur-



máns palestinos procedentes do barrio de Habal Mukaber irromperon armados con machadas, coitelos e pistolas na sinagoga do barrio ultra ortodoxo de Har Nof e mataron catro rabinos<sup>3</sup>, “como reacción aos crimes perpetrados polos ocupantes”. Minutos despois, a policía acabou cos agresores.

—Responderemos con puño de aceiro a este brutal asasinato – advertiu o primeiro ministro, Benxamín Netanyahu. O goberno derrubou o fogar dos asaltantes, impediu que fosen enterrados en Xerusalén e reforzou a seguridade, de maneira especial na parte árabe da capital. Mesmo se barallou fornecer de armas aos residentes; medida que en vez de arranxar, agravaría o problema.

Uns meses antes, no verán dese mesmo ano, logo do secuestro e asasinato de tres adolescentes xudeus e do reiterado lanzamento desde Gaza de foguetes contra territorio israelí, produciuse unha resposta devastadora con bombardeos da aviación, carros de combate e artillería pesada, que se sumaron a un completo bloqueo naval, terrestre e aéreo da faixa. O obxectivo israelí era a eliminación ou o apresamento dos activistas de Hamás e a destrución dos túneles que salvan o cerco e comunican Gaza con Israel e Exipto.

A desigualdade de forzas, medios e efectivos provocou a destrución da práctica totalidade das infraestruturas (traída de auga, sumidoiros, centrais eléctricas, flota pesqueira...), así como 2.143 mortos<sup>4</sup>, máis de 11.000 feridos e unha cantidade inxente de refuxiados por parte palestina. Do lado de Israel houbo 71 mortos e arredor de 1.300 feridos. Coa mediación de Exipto, conseguiuase unha tregua indefinida<sup>5</sup>.

A asimetría das cifras expostas non debe interpretarse en clave tendenciosa: as raizames do conflito son tan fondas, a carraxe e a xenreira tan viscerais que, se a correlación de forzas fose a contraria, as cifras serían semellantes, só que á inversa. Logo de anos de infrutuosas tentativas de paz, chegouse a unha situación na que non parece posíbel entendemento nin acordo: o único que cada parte desexa é a destrución da outra.

Nun contexto, en parte semellante, de ocupación, crispación e violencia naceu, viviu e predicou Xesús de Nazaret.